



Asunto. Aclaracións sobre as obrigas dos directores nos comedores escolares dos seus centros e modificación parcial das Instrucións 1/2013 e 2/2013 neste punto.

O novo Decreto 132/2013, do 1 de agosto, que regula os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería con competencias en materia de educación, sinala textualmente no número 1 do seu artigo 4:

“1. Poden ser usuarios do servizo nos comedores dependentes da consellería con competencias en materia de educación:

b) As persoas con responsabilidades na organización do comedor, así como as que colaboren na atención dos alumnos comensais durante os días de desempeño efectivo destas tarefas.”

Á súa vez, o número 1 do artigo 9 deste Decreto determina de xeito textual

“1. Os cometidos dos directores e encargados de comedor, así como das persoas que colaboran na atención aos alumnos comensais, e a fixación do número destes últimos se determinarán na normativa de desenvolvemento deste decreto.

O persoal funcionario e laboral da Xunta de Galicia destinado nos centros, que asuma responsabilidades na organización dos comedores escolares e na atención ao alumnado usuario do comedor, terá dereito a unha compensación económica, que será abonada en función dos días da súa asistencia efectiva ao comedor.”

No marco establecido polo mencionado Decreto 132/2013 e recollendo as expectativas formuladas polas Direccións dos centros de ensino público que contan con comedor escolar en distintas propostas achegadas a esta Consellería, parece oportuno nestes momentos atender as súas pretensións, fundadas na carga de traballo existente de xeito incuestionable en ditos centros.

Neste sentido, recollerase na próxima Orde de desenvolvemento do citado Decreto a publicar a posibilidade de que, mantendo os/as Directores/as dos centros as




responsabilidades plenas inherentes á dirección, xestión e coordinación dos comedores, podan voluntariamente delegar nun membro do claustro a obriga de presenza física durante o tempo do xantar e os períodos temporais anterior e posterior ao mesmo. Así pois, o docente no que a Dirección delegue será quen utilice a praza do comedor reservada ao Director/a, percibindo, en lugar de este/a, o importe do complemento por servizos extraordinarios fixado por cada día de asistencia efectiva ao comedor escolar,

En todo caso e en canto que non entre en vigor a Orde de desenvolvemento do Decreto 132/2013 referida, modifícanse no sentido exposto as actuais Instrucións 1/2013 e 2/2013, deixando sen efecto os seus puntos 2.1.1 e 2.1, respectivamente, que establecen a obriga irrenunciabile para os/as Directores/as da súa presenza física nos comedores escolares.

Atentamente.

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2013

O Secretario Xeral Técnico



Jesús Oitaven Barcala